



## ANUNCIO

Alcaldía do Concello de Vimianzo, con data 08/02/2022 , ditou a Resolución 127/2022 que a continuación se transcribe:

### **“ RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN DE BOLSA, CHAMAMENTO E NOMEAMENTO PARA O POSTO DE OFICIAL DE SEGUNDA DE ALBANEL**

**ASUNTO:** PROCESO DE SELECCIÓN PARA A ELABORACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN DE OFICIAIS DE SEGUNDA DE ALBANEL E DE OPERARIOS/AS DE SERVICIOS MÚLTIPLES PARA O CONCELLO DE VIMIANZO, MEDIANTE CONCURSO OPOSICIÓN LIBRE, COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A

**EXP. TEDEC:** 2021/E001/000021

## ANTECEDENTES

Por Resolución de Alcaldía núm. 8/2022, do 10/01//2021, procedeuse á aprobación das bases para a elaboración dunha bolsa de emprego para a contratación de oficiais de segunda de albanel e de operarios/as de servizos múltiples para o Concello de Vimianzo, mediante concurso-oposición libre, como funcionario/a interino/a, publicadas no taboleiro de anuncios e na sede o día 11/01/2022 e anunciadas no BOP núm.10, do 17/01/2022.

Desde o 18/01/2022 ata o 27/01/2022 estivo aberto o prazo de solicitudes.

Constan no expediente os Informes de Rexistro sobre a relación de persoas candidatas a oficiais de segunda de albanel e a operarios/as de servizos múltiples, do 01/02/2022, con documentación de trece persoas, das que se presentan cinco a oficiais de segunda de albanel e dez a operarios de servizos múltiples.

Consta o informe da técnica de Desenvolvemento Local con data do 01/02/2022 sobre a proposta de listaxe definitiva de persoas admitidas, ao cumprir todas as que se presentaron cos requisitos especificados nas bases.

Por Resolución de Alcaldía núm. 92/2022, do 02/02/2022, procedeuse á aprobación da listaxe definitiva de persoas admitidas no proceso de selección, composición do tribunal e datas das probas.

A Acta núm. 2 do Tribunal, do 04/02/2022, contén a proposta para a Alcaldía de Bolsa de Tráballo para o posto de oficiais de segunda de albanel.

O Tribunal publicou o anuncio coas notas o día 04/02/2022 e, segundo se recolle no Informe de Rexistro do 08/02/2022, non se presentaron reclamacións.

Consta dilixencia da técnica de Desenvolvemento Local do 08/02/2022 sobre a aceptación das catro primeiras persoas da bolsa e sobre a documentación que consta para proceder ao nomeamento.

Consta informe favorable de Intervención con data do 08/02/2022.

## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Tense en conta a base novena sobre a constitución da bolsa de emprego, a base décima sobre propostas de nomeamento e presentación de documentos e a base undécima sobre nomeamento e toma de posesión.

Vista a Providencia de Alcaldía que deu orixe a este expediente, procede o nomeamento de catro persoas como oficiais de segunda de albanel.

Tendo en conta o artigo 10 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que contempla no punto 1 d) o nomeamento de funcionarios



interinos por exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezaioito meses.

Considerando a atribución concedida á Alcaldía polo artigo 21.1 h) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime Local.

Visto canto antecede, RESOLVO:

**Primeiro.-** Aprobar a Bolsa de Traballo de oficiais de segunda de albanelería para o Concello de Vimianzo:

	DNI *	APELIDOS	NOME	PUNTUACION
1	***8115**	LEMA MOUZO	JOSE LUIS	90,00
2	***0967**	LEMA ROMERO	MIGUEL ANGEL	90,00
3	***9080**	POSE CASTRO	FRANCISCO	66,68
4	***0577**	VECINO VALIÑA	MANUEL	60,00
5	***3492**	FERREIRO AMIGO	DARIO	49,50

**Segundo.-** Ordear que persoal do departamento de Promoción Económica faga o chamamento mediante teléfono ou mensaxe electrónica ás catro persoas que encabezan a bolsa e establecer como data de toma de posesión o 09/02/2022 e durante 9 meses.

[...]"

Vimianzo, 9 de febreiro de 2022

Mónica Rodríguez Ordóñez

Alcaldesa do Concello de Vimianzo